

Sala 1

O Camiño de Santiago e a mitoloxía relixiosa supuxeron unha fonte de reflexión para o pintor Alfonso Sucasas; os temas elixidos foron tratados con maior intensidade e reflectidos nunha boa parte das obras creadas entre 1992 e 1993, desenvoltoas en pinturas, debuxos e bosquexos que veremos nesta exposición. Trátase dunha colección de 56 pezas que amosan o grao de implicación do artista na historia da Ruta Xacobeá. A serie sitúa, nun mesmo plano, lendas e crónicas que se refiren ao ben, ao mal, a milagres e pasaxes relativos á alma humana, ao sobrenatural. O artista rescata figuras simbólicas e localízalas nun contexto contemporáneo, dotándolas dunha iconografía propia, á vez que as incorpora ao seu universo creativo.

Para Sucasas, o escenario da súa obra é o da xeografía da comarca do Deza, paraíso que lle dá cobertura habitual aos personaxes creados. Estes son representados en base a trazos fortes, concisos, e nesa mesma liña identificadora constrúe as paisaxes, os bosques, ou ben expón fragmentos de árbores, completados coas cores propias: verdes, marróns, vermellos, filtrados por unha delicada nebulosa. No seu ideario plástico, esa vertente que lle dá protagonismo á paisaxe do Camiño ben pode responder ás súas preocupacións ao redor da conservación do mesmo e á súa dignificación como espazo natural.

Alfonso Sucasas (San Miguel de Goiás, Lalín, 1940 - Ferreirós, Vila de Cruces, 2012) iníciase como pintor na década dos cincuenta en Lalín baixo a aprendizaxe do profesor Carloandré López del Río. En Madrid continúa a súa formación á beira de Manuel Gutiérrez Navas, descobre a obra do Greco e sorpréndese da vixencia da súa pintura. En 1958 decide marchar a Venezuela. Alí intégrase nos ambientes artísticos de Caracas e participa no Taller de Arte Libre; nese contexto coñece a David Alfaro Siqueiros.

Tras dous anos de estancia regresa temporalmente a Galicia e uns meses máis tarde elixe un novo destino: Brasil. En São Paulo achégase á arte que se está a producir nos circuitos de vangarda; interésase pola pintura de Tarsila do Amaral e Cândido Portinari; impresionalle a alma popular e indixenista que subxace nas obras daqueles artistas que buscaban plasmar unha identidade americana, sen renunciar á arte europea. Alterna a

creación da súa obra pictórica co deseño para empresas de publicidade e leva a cabo escenografías para o teatro de Laureano Mántaras. En 1968 decide regresar a Galicia convencido da súa pertenza á cultura europea e, cunha linguaxe asentada, dálle prioridade á recreación do ser humano representado por unha pintura que busca a sobriedade na cor e sobreposto ás liñas fortes dun debuxo de especial esencia. Na nova etapa incorpora aqueles temas relacionados coas xentes populares e a paisaxe da súa terra. O seu particular modo de facer achégalle unha clara renovación ao panorama plástico peninsular naqueles primeiros anos da década dos setenta.

